

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

17835 *Real decreto 1613/2011, do 14 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, no relativo aos requisitos técnicos das actividades de xogo.*

ÍNDICE

- Capítulo I. Disposicións xerais.
 - Artigo 1. Obxecto.
 - Artigo 2. Definicións.
- Capítulo II. Sistemas técnicos de xogo.
 - Artigo 3. Requisitos dos sistemas técnicos de xogo.
 - Artigo 4. Requisitos da unidade central de xogos.
 - Artigo 5. Requisitos do xerador de números aleatorio.
- Capítulo III. Homologación, certificación e auditoría dos sistemas técnicos de xogo.
 - Artigo 6. Homologación dos sistemas técnicos de xogo.
 - Artigo 7. Entidades designadas para emitiren o informe de certificación dos sistemas técnicos de xogo.
 - Artigo 8. Procedemento de homologación e certificación.
 - Artigo 9. Recoñecemento da homologación e certificación validada por outras administracións públicas.
 - Artigo 10. Efectos da homologación.
 - Artigo 11. Certificación provisional dos sistemas de xogo.
 - Artigo 12. Auditoría dos sistemas técnicos de xogo.
- Capítulo IV. Monitorización e supervisión das actividades de xogo.
 - Artigo 13. Sistema de control interno.
 - Artigo 14. Control da unidade central de xogos do operador e da súa réplica.
 - Artigo 15. Actividades de xogo realizadas a través da internet.
 - Artigo 16. Actividades de xogo realizadas a través de mensaxes de texto de servizos telefónicos fixos ou móbiles.
 - Artigo 17. Actividades de xogo a través de servizos de comunicacións por voz.
 - Artigo 18. Actividades de xogo a través de medios de comunicación audiovisual.
 - Artigo 19. Actividades de xogo a través de terminais e máquinas auxiliares.
- Capítulo V. Monitorización dos medios e pasarelas de pagamento.
 - Artigo 20. Monitorización dos medios e pasarelas de pagamento.
- Capítulo VI. Requisitos de seguranza dos sistemas técnicos de xogo.
 - Artigo 21. Control de acceso e seguranza.
 - Artigo 22. Comunicacións cos participantes.
 - Artigo 23. Comunicacións entre os compoñentes dos sistemas técnicos de xogo.
 - Artigo 24. Rexistro e rastrexabilidade das operacións de xogo.
 - Artigo 25. Continuidade da actividade de xogo.
- Capítulo VII. Control de participantes.
 - Artigo 26. Identificación dos participantes.

Artigo 27. Control das prohibicións subxectivas de participación nos xogos e branqueo de capitais.

Disposición adicional única. *Réxime específico da Organización Nacional de Cegos Españois.*

Disposición derradeira primeira. Habilitación da Comisión Nacional do Xogo.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

I

A Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, establece o marco regulatorio da actividade de xogo, nas súas distintas modalidades, que se desenvolva con ámbito estatal co fin de garantir a protección da orde pública, loitar contra a fraude, previr as condutas aditivas, protexer os dereitos dos menores e salvagardar os dereitos dos participantes nos xogos.

A citada lei crea no seu artigo 20 a Comisión Nacional do Xogo como o organismo regulador do sector do xogo coa finalidade, entre outras, de supervisar e controlar o desenvolvemento, explotación e comercialización das actividades de xogo.

O mencionado control da actividade de xogo encóntrase regulado no título IV da citada Lei 13/2011, que dedica o seu capítulo III á homologación dos sistemas técnicos de xogo.

O sistema técnico de xogo queda conformado pola unidade central de xogos e o conxunto de sistemas e instrumentos técnicos ou telemáticos que posibiliten a organización, comercialización e celebración de xogos por estes medios, e deberá dispor dos mecanismos de autenticación suficientes para garantir, entre outros, a confidencialidade e integridade nas comunicacións, a identidade dos participantes, a autenticidade e o cómputo das apostas, o control do seu correcto funcionamento, o cumprimento das prohibicións subxectivas reguladas no artigo 6 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, e o acceso aos compoñentes do sistema informático exclusivamente do persoal autorizado ou da propia Comisión Nacional do Xogo, nas condicións que esta puiden establecer.

As entidades que leven a cabo a organización, explotación e desenvolvemento de xogos regulados na referida lei deben dispor do material de software, equipamentos, sistemas, terminais e instrumentos en xeral necesarios para o desenvolvemento das actividades de xogo debidamente homologados. Corresponde á Comisión Nacional do Xogo a homologación dos sistemas técnicos de xogo e o establecemento das especificacións necesarias para o seu funcionamento.

Este real decreto desenvolve regulamentariamente o disposto pola Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, no relativo aos sistemas técnicos de xogo dos operadores a que se refire o título III da citada lei, e establece os requisitos técnicos que deben cumprir eses operadores no desenvolvemento e explotación das actividades de xogo. Os requisitos técnicos dos operadores autorizados para a comercialización de lotarías regularanse nunha normativa específica e diferenciada, dada a especificidade dese produto de xogo.

A norma atribúe, así mesmo, á Comisión Nacional do Xogo amplas facultades para, a través do exercicio das súas competencias normativas, establecer o detalle dos procedementos e a determinación dos requisitos e condicións que, precisamente pola súa condición fundamentalmente técnica, poden estar suxeitos a cambios como consecuencia do desenvolvemento da técnica e que, soamente desde a perspectiva do regulador, poden ser abordados coa celeridade adecuada.

II

Este real decreto divídese en sete capítulos, con vinte e sete artigos, unha disposición adicional e dúas disposicións derradeiras.

O capítulo I regula o obxecto da norma e a definición de determinados conceptos que resultan importantes para a súa adecuada interpretación.

No capítulo II establécense os requisitos técnicos necesarios dos sistemas técnicos de xogo, da unidade central de xogos e do xerador de números aleatorios.

O capítulo III ocúpase do procedemento, das entidades e dos efectos da homologación e certificación dos sistemas técnicos de xogo. Igualmente, régulase o recoñecemento das homologacións e certificacións validadas por outras administracións.

O capítulo IV dedícase ao control das actividades de xogo a través da súa monitorización e supervisión e establece os requisitos técnicos que deben adoptar os operadores para o correcto desempeño destas funcións pola Comisión Nacional do Xogo. Así mesmo, establécense a obriga de implantar no sistema técnico de xogo do operador un sistema de control interno que capture e rexistre a totalidade das operacións de xogo e as transaccións económicas que se realicen entre os participantes e a unidade central de xogos do operador.

O capítulo V establece os criterios relacionados coa monitorización dos medios e pasarelas de pagamento.

No capítulo VI establécense os requisitos de seguranza dos sistemas técnicos de xogo, régulase o control de acceso e seguranza dos sistemas técnicos, as comunicacións cos participantes e as comunicacións entre os compoñentes dos sistemas técnicos de xogo. Igualmente, régulase a rastrexabilidade e o rexistro das operacións de xogo e establécense a obriga de dispor dun plan de continxencia tecnolóxica para o mantemento da operativa de xogo nos casos en que a unidade central de xogos do operador ou as súas infraestruturas e sistemas informáticos principais non estean dispoñibles.

Finalmente, o capítulo VII dedícase ao control dos participantes e establece os requisitos técnicos para a súa identificación, así como os criterios aplicables para o control das prohibicións subxectivas de participación nos xogos a que se refiren as alíneas a), b) e c) do punto segundo do artigo 6 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.

III

Este real decreto, para cumprir o disposto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, modificada pola Directiva 98/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xullo de 1998, foi sometido ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, regulado no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de novembro de 2011,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste real decreto consiste no establecemento dos requisitos de carácter técnico que deben cumprir os operadores para a organización, explotación e desenvolvemento das actividades de xogo que requiran títulos habilitantes a que se refire o título III da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.

Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos deste real decreto, os termos que nel se empregan terán o sentido que se establece no presente artigo.

1. Sistema técnico de xogo. Enténdese por sistema técnico de xogo o conxunto de equipamentos, sistemas, terminais, instrumentos e material software empregado polo operador para a organización, explotación e desenvolvemento da actividade de xogo. O sistema técnico de xogo soporta todas as operacións necesarias para a organización, explotación e desenvolvemento da actividade de xogo, así como a detección e o rexistro das transaccións correspondentes entre os xogadores e o operador.

Os elementos básicos do sistema técnico de xogo son a unidade central de xogos e o sistema de control interno.

2. Unidade central de xogos. Enténdese por unidade central de xogos o conxunto de elementos técnicos necesarios para procesar e xestionar as operacións realizadas polos participantes nos xogos.

Forman parte da unidade central de xogos, a plataforma de xogos e o software dos xogos.

3. Sistema de control interno. Enténdese por sistema de control interno o conxunto de compoñentes destinados a rexistrar a totalidade das operacións e transaccións realizadas no desenvolvemento dos xogos co obxecto de garantir á Comisión Nacional do Xogo a posibilidade de manter un control permanente sobre as actividades de xogo do operador.

Os elementos fundamentais do sistema de control interno son o capturador e a base de datos segura.

4. Capturador. O capturador é o compoñente do sistema de control interno do operador destinado á captura e rexistro dos datos de monitorización e control establecidos pola Comisión Nacional do Xogo, á súa tradución e ao almacenamento na base de datos segura.

5. Base de datos segura. A base de datos segura é o almacén que contén os datos de monitorización e control introducidos polo capturador e á cal en todo momento pode acceder a Comisión Nacional do Xogo.

6. Rexistro de acceso. O rexistro de acceso é o sistema que almacena e conserva as operacións realizadas sobre a unidade central de xogos por operarios, administradores e demais persoas vinculadas ao operador ou, se for o caso, á Comisión Nacional do Xogo, con acceso a aquela.

7. Plataforma de xogo. Enténdese por plataforma de xogo a infraestrutura de software e hardware que constitúe a interface principal entre o participante e o operador de xogo.

A plataforma de xogo ofrece ao xogador as ferramentas necesarias para abrir ou fechar a súa conta de xogo, gravar, editar a información do seu perfil, depositar ou retirar fondos da súa conta de xogo ou visualizar o detalle ou un resumo dos movementos da súa conta.

A plataforma de xogo inclúe calquera elemento técnico que mostre información relevante ao participante sobre os xogos ofrecidos polo operador, así como calquera software cliente que o participante teña que descargar e instalar no seu equipamento para poder interactuar coa plataforma.

A plataforma de xogo permite ao operador xestionar o rexistro de usuario e a conta de xogo dos participantes, así como as transaccións financeiras de xogo, informar sobre os resultados dos xogos, habilitar ou deshabilitar os rexistros e as contas e establecer todos os parámetros configurables.

Forman parte da plataforma de xogos as bases de datos de xogo e a pasarela de pagamentos.

8. Bases de datos de xogo. Enténdese por bases de datos de xogo o conxunto de almacéns lóxicos en que se rexistran e conservan os datos de carácter persoal dos participantes nos xogos, os relativos á totalidade das transaccións realizadas por estes e a información relativa a resultados de eventos ou acontecementos deportivos, coeficientes e demais datos relevantes para os efectos do desenvolvemento e xestión de actividades de xogo.

9. Pasarela de pagamentos. Enténdese por pasarela de pagamentos o conxunto de sistemas e instrumentos técnicos que permiten realizar as transaccións económicas entre o participante e o operador de xogo e que contén a lóxica necesaria para transferir fondos desde o medio de pagamento empregado polo participante ao operador e desde este ao participante.

10. Software de xogo. O software de xogo consiste ou está formado polos módulos que permiten xestionar cada un dos xogos, autorizar e implementar as regras de cada un deles e aos cales se accede desde a plataforma de xogo.

11. Xerador de números aleatorios. O xerador de números aleatorios é o compoñente software ou hardware que, mediante procedementos que garanten a súa aleatoriedade, xera os resultados numéricos que son empregados polo operador para determinar o resultado de determinados xogos.

12. Rexistro de usuario. Enténdese por rexistro de usuario o rexistro único que permite ao participante acceder ás actividades de xogo dun determinado operador e na cal se recollen, entre outros, os datos que permiten a identificación do participante e os que posibilitan a realización de transaccións económicas entre este e o operador de xogo.

13. Conta de xogo. Enténdese por conta de xogo a conta aberta polo participante e vinculada ao seu rexistro de usuario na cal se cargan os ingresos das cantidades económicas destinadas por este ao pagamento da participación nas actividades de xogo e se aboan os importes da participación. A conta de xogo non pode presentar en ningún caso saldo acreedor.

CAPÍTULO II

Sistemas técnicos de xogo

Artigo 3. *Requisitos dos sistemas técnicos de xogo.*

1. Os sistemas técnicos de xogo empregados polos operadores habilitados para a organización, explotación e desenvolvemento das actividades de xogo por medios electrónicos, informáticos, telemáticos e interactivos reunirán as condicións que, mediante disposición, estableza a Comisión Nacional do Xogo e deberán permitir o cumprimento das obrigas establecidas na Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, as establecidas neste real decreto e as que, se for o caso, se establezan na regulamentación básica dos xogos e nos correspondentes títulos habilitantes.

2. En calquera caso, os sistemas técnicos de xogo deberán garantir a efectividade dos controis en relación coa duración do tempo de xogo, cantidade máxima xogada ou utilización das opcións de autoexclusión, entre outras medidas, que foren exixidas pola Comisión Nacional do Xogo, en relación co desenvolvemento dos xogos ou das súas modalidades de exercicio, así como os demais aspectos previstos no artigo 17.2 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.

Artigo 4. *Requisitos da unidade central de xogos.*

1. De acordo co artigo 16 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, os operadores habilitados para a organización, explotación e desenvolvemento non ocasional dos xogos obxecto da referida lei deberán dispor dunha unidade central de xogos que cumprirá as especificacións que estableza a Comisión Nacional do Xogo e que permitirá:

a) Rexistrar todas as actuacións ou operacións de xogo realizadas desde os equipamentos e usuarios conectados a ela, as operacións e resultados sobre eventos de apostas e sorteos, a repartición de premios, as operacións sobre o rexistro de usuario e as contas de xogo, os datos agregados e de control, así como eventos de funcionamento da plataforma de xogo.

b) Garantir o correcto funcionamento das actividades de xogo.

c) Comprobar en todo momento, se así for necesario, as operacións realizadas, os participantes nelas e os seus resultados, se a natureza do xogo así o permite, así como reconstruír de maneira fiable todas as actuacións ou operacións realizadas a través dela.

2. De acordo co disposto no artigo 18, números 2 e 3, da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, os operadores habilitados deberán asegurar a existencia das copias de seguranzas necesarias e a aplicación das medidas técnicas e os plans de continxencia que permitan garantir a recuperación de datos ante calquera clase de incidencia, así como dispor dunha réplica da súa unidade central de xogos, que permitirá o normal desenvolvemento da actividade de xogo, con todas as garantías, nos supostos en que a unidade principal se ache fóra de servizo.

3. A unidade central de xogos e a súa réplica estarán instaladas en dependencias suxeitas, en todo momento, a control de acceso e vixilancia, e será o operador o responsable da súa custodia.

O operador facilitará o acceso ás citadas dependencias, con independencia do lugar da súa localización, aos inspectores da Comisión Nacional do Xogo, para realizaren inspeccións presenciais en calquera dos locais dos medios físicos da unidade central de xogos.

O operador é responsable de garantir o acceso e a inspección da unidade central de xogos con independencia da súa localización física ou da titularidade dos medios que empregue e calquera que sexa o país en que estes estiveren.

No caso de que a localización da plataforma de xogo ou dalgún dos seus compoñentes sexa virtual ou empregue elementos deslocalizados, o operador deberá garantir o acceso e as facultades precisas para realizar a inspección desde os lugares físicos en que se realice a administración dos servizos.

En todo caso, o persoal que preste servizos nas instalacións do operador, sexa propio sexa das entidades que lle faciliten ou fornezan algún tipo de servizo, prestará total colaboración aos inspectores da Comisión Nacional do Xogo a fin de facilitar o acceso e a inspección. O operador será responsable da falta de colaboración do citado persoal, con independencia da relación xurídica ou laboral que o vincule.

Artigo 5. *Requisitos do xerador de números aleatorios.*

O xerador de números aleatorios, sen prexuízo dos requisitos adicionais que a Comisión Nacional do Xogo puiden establecer, deberá reunir, ao menos, as seguintes características:

- a) Os datos aleatorios xerados serán imprevisibles e indeterminables.
- b) As series de datos xerados non serán reproducibles.
- c) Os métodos de escalamento serán lineares e non introducirán ningún nesgo, patrón ou predictibilidade.
- d) O método de translación dos símbolos ou resultados do xogo non estará sometido á influencia ou control dun factor distinto dos valores numéricos derivados do xerador de números aleatorios.

CAPÍTULO III

Homologación, certificación e auditoría dos sistemas técnicos de xogo

Artigo 6. *Homologación dos sistemas técnicos de xogo.*

1. Corresponde á Comisión Nacional do Xogo a homologación dos sistemas técnicos de xogo e o establecemento das especificacións necesarias para o seu funcionamento de acordo co disposto no artigo 16 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo. Para a realización das homologacións poderase basear en informes

de certificación da adecuación dos sistemas técnicos de xogo do operador emitidos por entidades debidamente designadas para estes efectos.

2. A Comisión Nacional do Xogo establecerá as especificacións técnicas que deberán reunir, para a súa homologación e certificación, os sistemas técnicos de xogo. A Comisión Nacional do Xogo evitará para estes efectos que se introduzan obstáculos que poidan distorsionar a competencia no mercado.

Artigo 7. Entidades designadas para emitiren o informe de certificación dos sistemas técnicos de xogo.

1. O informe de certificación dos sistemas técnicos de xogo deberá ser realizado polas entidades designadas para estes efectos pola Comisión Nacional do Xogo.

2. A Comisión Nacional do Xogo establecerá os requisitos técnicos e as condicións que deberán cumprir as entidades para obter a designación a que se refire o número anterior, así como o procedemento para a súa solicitude por parte das entidades interesadas.

3. Os requisitos ou condicións exixidos e o procedemento establecido para a designación de entidades de certificación dos sistemas técnicos de xogo non establecerá obstáculos que poidan distorsionar inxustificadamente a competencia.

4. A Comisión Nacional do Xogo publicará na súa páxina web a relación das entidades designadas para emitir o informe de certificación dos sistemas técnicos de xogo.

Artigo 8. Prazo e procedemento de homologación e certificación.

1. A Comisión Nacional do Xogo homologará os sistemas técnicos de xogo de acordo co establecido no artigo 16 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, nun prazo máximo de seis meses contados desde a notificación do outorgamento da licenza.

A Comisión Nacional do Xogo establecerá, dentro do marco dos criterios fixados polo Ministerio de Economía e Facenda e o Consello de Políticas do Xogo, o procedemento de homologación e certificación dos sistemas técnicos de xogo. Así mesmo, a citada comisión establecerá o contido mínimo dos informes emitidos polas entidades designadas.

2. O procedemento de homologación inicial dos sistemas técnicos de xogo realizarase no marco do procedemento de outorgamento de licenzas xerais e singulares.

A solicitude de licenza estará acompañada dun proxecto técnico en que se detallarán os aspectos fundamentais do sistema para o desenvolvemento de actividades de xogo e, en particular, os compoñentes da unidade central de xogos e do sistema de control interno.

A Comisión Nacional do Xogo poderá requirir ao interesado tanta información resulte necesaria para a avaliación do proxecto técnico.

3. Os informes de certificación deberán pronunciarse sobre o cumprimento dos requisitos técnicos correspondentes á licenza solicitada e terán, como mínimo, o contido seguinte:

a) En relación coa plataforma de xogo, incluírase unha descrición funcional detallada de procesos soportados pola plataforma, entre outros, o rexistro de usuario, datos das sesións, conta de xogo, información ao participante das xogadas, sistemas de cobramento e pagamento, mecanismos de limitación á participación, así como calquera outro que implemente o sistema.

O informe avaliará, así mesmo, o comportamento da plataforma ante caídas do sistema, procedementos de recuperación, xestión das sesións, medidas contra a fraude e o branqueo de capitais, medidas de xogo responsable e obrigas de información aos participantes.

b) Para cada xogo para o cal se solicitase licenza singular, o informe certificará a adecuación das normas implementadas polo software coas establecidas pola

regulamentación básica do xogo, incluíndo, se for o caso, todas as opcións posibles, política de bonos, detalle dos premios e das probabilidades do xogo, así como a porcentaxe de retorno ao xogador.

c) En relación co xerador de números aleatorios, o informe indicará o nivel de calidade intrínseca do xerador, despois de superar cantas probas estatísticas sexan necesarias para demostrar que os datos xerados son de carácter aleatorio, imprevisibles, non reproducibles, e que os métodos de escalamento e translación son lineares e independentes de calquera outro factor que non sexa o propio xerador.

d) En relación co sistema de control interno, o informe incluírá unha descrición funcional detallada dos procesos implementados para a captura e o rexistro na base de datos segura das operacións de xogo.

Os informes certificación irán acompañados dunha copia do software obxecto de homologación asinada dixitalmente polas entidades designadas para o efecto, que será empregada para comprobar a integridade do software nos procedementos de auditoría dos sistemas técnicos de xogo.

4. Os informes de certificación incluírán unha relación dos compoñentes, software ou hardware, cualificados como críticos, con información detallada da localización de cada compoñente no sistema técnico de xogo, denominación dos compoñentes e niveis de revisión. Para estes efectos, considéranse como críticos os elementos que se refiran ao xerador de números aleatorios, ao rexistro de usuario e á conta de xogo, ao sistema de control interno, ás conexións coa Comisión Nacional do Xogo ou ao procesamento de pagamentos.

A posta en produción de calquera modificación substancial que afecte un compoñente crítico dos indicados no parágrafo anterior necesitará a autorización previa da Comisión Nacional do Xogo despois da presentación do correspondente informe de homologación.

A Comisión Nacional do Xogo poderá cualificar como críticos compoñentes do sistema técnico de xogo do operador que inicialmente non fosen cualificados deste modo e que motivadamente considere que afectan ou poidan chegar a afectar o desenvolvemento dos xogos, os dereitos dos participantes ou o interese público.

Artigo 9. *Recoñecemento da homologación e certificación validada por outras administracións públicas ou polas autoridades competentes dos Estados do Espazo Económico Europeo.*

1. A Comisión Nacional do Xogo establecerá os efectos que deberán producir as homologacións e certificacións validadas por outros países do Espazo Económico Europeo ou por órganos competentes das comunidades autónomas nos procedementos para a concesión de títulos habilitantes de xogo equiparables ás licenzas outorgadas na Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, así como os procedementos en que, se for o caso, deban ser considerados.

2. A normativa que, para tal efecto, dite a Comisión Nacional do Xogo deberase inspirar no principio de redución de cargas administrativas, evitando a reiteración de probas técnicas validadas por outra Administración.

Os certificados respecto dos cales se soliciten efectos ante a comisión deberán ter sido emitidos, se for o caso, por unha entidade independente designada para estes efectos por un procedemento que acredite a súa solvencia.

3. A normativa en que se basee a solicitude de recoñecemento ou efectos das homologacións, certificacións ou documentación deberá ter sido notificada, se así proceder, á Comisión Europea, con base na Directiva 98/34/CE, pola que se establece o procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas.

Artigo 10. *Efectos da homologación.*

1. A homologación dos sistemas técnicos de xogo acredita o cumprimento dos requirimentos técnicos exixidos para a realización de actividades de xogo en territorio español ou que se dirixan a participantes españois ou con rexistro de usuario español.

2. Emitido o informe preliminar ou definitivo favorable á homologación dos sistemas técnicos de xogo, o interesado presentarao á Comisión Nacional do Xogo no marco do procedemento correspondente, xa de outorgamento de licenzas xa de modificación dos sistemas técnicos de xogo, a cal procederá á súa avaliación nas formas e prazos establecidos para o efecto.

3. A homologación dos sistemas técnicos de xogo ten unha validez de dez anos contados desde a data de emisión do informe correspondente.

Artigo 11. *Homologación preliminar e definitiva dos sistemas técnicos de xogo.*

1. O outorgamento provisorio das licenzas quedará condicionado á obtención, no prazo improrrogable de seis meses contados desde a súa notificación ao interesado, do correspondente informe favorable de homologación.

2. O informe de certificación dos sistemas técnicos de xogo do operador será realizado por unha entidade designada pola Comisión Nacional do Xogo.

3. O informe preliminar de certificación, que se xuntará ás solicitudes de licenzas, terá o contido que estableza a Comisión Nacional do Xogo e, partindo do proxecto técnico presentado, pronunciarase, cando menos, sobre o correcto funcionamento do software da plataforma ou, se for o caso, do xogo, dos elementos de seguranza proxectados e da conexión dos sistemas técnicos do operador coa Comisión Nacional do Xogo.

Durante o proceso de homologación, a Comisión Nacional do Xogo, por si mesma ou a través da entidade designada, revisará o funcionamento con datos reais do sistema técnico de xogo do operador e o cumprimento dos requisitos exixidos pola Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo e as súas normas de desenvolvemento, e poderá recomendar ao operador as melloras e modificacións do sistema técnico de xogo que considere necesarias para o correcto cumprimento dos requisitos técnicos. Estas recomendacións formarán parte do informe de certificación definitivo, no cal se fará constar, ademais, o grao de cumprimento delas por parte do operador.

4. Emitido en prazo o informe favorable de certificación definitivo dos sistemas técnicos de xogo, o operador trasladarao á Comisión Nacional do Xogo para a súa valoración.

Se a valoración do informe for positiva, a Comisión Nacional do Xogo modificará de oficio a inscrición provisorio da licenza, que pasará a ser definitiva.

Se a valoración do informe non for positiva, a Comisión Nacional do Xogo ordenará a cesación da actividade do operador e adoptará as medidas necesarias para evitar eventuais prexuízos aos participantes e ao interese público.

Artigo 12. *Auditoría dos sistemas técnicos de xogo.*

1. A auditoría dos sistemas técnicos de xogo deberase realizar cada dous anos. A auditoría, cuxo custo será asumido polo operador, poderá ser realizada pola Comisión Nacional do Xogo ou pola entidade que para estes efectos propoña de entre as recoñecidas para a homologación e certificación dos sistemas técnicos de xogo e que será distinta á entidade que, se for o caso, realizou o último informe de homologación e certificación dos sistemas técnicos de xogo do operador.

2. A primeira auditoría realizarase nos seis meses seguintes ao vencemento do prazo de dous anos contados desde a concesión da homologación. As sucesivas auditorías realizaranse, tamén, dentro dos seis meses seguintes ao vencemento do prazo de dous anos.

No suposto de que a auditoría non fose realizada pola Comisión Nacional do Xogo, o informe favorable resultante dela deberá ser sometido á valoración da citada comisión.

3. Se, transcorrido o prazo establecido, non se presentase á Comisión Nacional do Xogo o informe de auditoría favorable, esta acordará provisorioamente a suspensión da actividade do operador e iniciará o correspondente expediente de revogación da licenza singular.

4. A Comisión Nacional do Xogo, no ámbito dun procedemento sancionador ou no das actuacións previas á súa incoación, poderá ordenar a realización dunha auditoría dos sistemas de xogo do operador presuntamente responsable dunha infracción. A auditoría poderá ser realizada pola Comisión Nacional do Xogo ou pola entidade que para estes efectos designe de entre as recoñecidas para a homologación e certificación dos sistemas de xogo e que será distinta á entidade que realizou a última auditoría dos sistemas de xogo do operador.

5. A Comisión Nacional do Xogo ditará as disposicións ou instrucións particulares que considere precisas para a práctica da auditoría.

CAPÍTULO IV

Monitorización e supervisión das actividades de xogo

Artigo 13. *Sistema de control interno.*

1. A monitorización e supervisión das actividades de xogo realizadas polo operador efectuarase a través do sistema de control interno.

2. Os operadores deberán implantar no seu sistema técnico de xogo un sistema de control interno que capture e rexistre a totalidade das operacións de xogo e transaccións económicas que se realicen entre participantes localizados en España, ou con rexistro de usuario en España, e a unidade central de xogos do operador.

O sistema de control interno deberase adecuar ás diferentes canles de comercialización dos xogos e de interacción cos participantes, de tal modo que se asegure a captura e o rexistro da totalidade das operacións de xogo realizadas.

Cando nun único xogo se empreguen simultaneamente diferentes canles de comercialización ou de interacción cos participantes, o operador deberá establecer as pasarelas, interfaces ou canles de comunicación entre a totalidade dos medios de participación ou de interacción no xogo co fin de posibilitar á Comisión Nacional do Xogo acceder á totalidade das operacións e transaccións que se realizen calquera que for o medio empregado para isto.

3. O operador implantará os sistemas e mecanismos que aseguren a captura e o rexistro das operacións de xogo, operacións e resultados de eventos de apostas e sorteos, repartición de premios, operacións sobre os rexistros de usuario, transaccións económicas nas contas de xogo, datos agregados e de control, así como incidencias de funcionamento da plataforma de xogo, e o seu almacenamento nunha base de datos segura á cal poderá acceder a Comisión Nacional do Xogo. Así mesmo, corresponderá ao operador o establecemento e mantemento da liña segura de acceso da Comisión Nacional do Xogo á base de datos e o establecemento dos medios e sistemas que garantan a conservación e, se for o caso, a recuperación dos datos rexistrados polo sistema de control interno.

A Comisión Nacional do Xogo, mediante resolución, poderá ampliar ou reducir o número das operacións que sexan obxecto de captura e rexistro.

4. O sistema de control interno deberá permitir o control por parte da Comisión Nacional do Xogo, e nos termos e condicións que esta estableza, da totalidade das operacións de xogo rexistradas.

5. A Comisión Nacional do Xogo disporá os requisitos técnicos que deban cumprir o sistema de control interno e a liña de acceso á base de datos segura, os protocolos e, se for o caso, as ferramentas de cifraxa, que se deban empregar para o rexistro dos datos. Así mesmo, establecerá os requisitos de seguranza mínimos que deberá cumprir o operador tanto para o acceso ao sistema de control como para a conservación dos datos.

Artigo 14. *Control da unidade central de xogos do operador e da súa réplica.*

1. A unidade central de xogos e a súa réplica incorporarán conexións informáticas seguras e compatibles cos sistemas da Comisión Nacional do Xogo que permitan a esta

realizar un control e seguimento, en tempo real se así se requirise, da actividade de xogo levada a cabo, dos premios outorgados e da identidade das persoas que participan e son premiadas neles e, se for o caso, da devolución de premios que eventualmente se produzan con motivo da anulación dos xogos, todo isto sen prexuízo da posibilidade de realizaren inspeccións presenciais.

2. A unidade central de xogos e a súa réplica, con independencia da súa localización, deberán poder ser monitorizadas desde territorio español pola Comisión Nacional do Xogo.

Corresponde ao operador o establecemento e mantemento dunha liña segura que permita o acceso da Comisión Nacional do Xogo á unidade central de xogos do operador e á súa réplica. A Comisión Nacional do Xogo disporá os requisitos técnicos que deberán reunir as liñas de acceso.

3. Coa finalidade de facilitar as operacións de verificación e control da información, a Comisión Nacional do Xogo poderá requirir ao operador de xogo que determinadas unidades secundarias dos seus sistemas técnicos estean en España.

Artigo 15. *Actividades de xogo realizadas a través de sitio web.*

1. Para a comercialización e o desenvolvemento de actividades de xogo a través de sitios web no ámbito da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, os operadores deberán implantar un sitio web específico con nome de dominio baixo «.es» ao cal deben dirixir todas as conexións realizadas desde España ou que se realicen cun rexistro de usuario español.

2. O operador deberá establecer os sistemas, mecanismos ou acordos que garantan que todas as actividades de xogo que se realicen desde España ou empregando un rexistro de usuario español se atenden desde o sitio web do operador baixo «.es». En particular, o operador deberá garantir que todas as conexións que se realicen desde territorio español ou por participantes con rexistro de usuario español e que inicialmente fosen dirixidas a sitios web baixo dominio distinto ao «.es», que sexan propiedade ou estean controlados polo operador, a súa matriz ou as súas filiais, sexan redireccionadas ao sitio web específico do operador baixo «.es».

3. O operador notificará á Comisión Nacional do Xogo o nome de dominio e as informacións e datos relevantes do sitio web que empregue para o desenvolvemento da súa actividade, así como calquera alteración deles.

A Comisión Nacional do Xogo poderá establecer, nos supostos que o considere necesario para a protección do interese público e dos menores, que a comercialización e o desenvolvemento de determinados tipos de xogo se realice desde un sitio web exclusivo creado para estes efectos polo operador.

Artigo 16. *Actividades de xogo realizadas a través de mensaxes de texto de servizos telefónicos fixos ou móbiles.*

1. Os operadores que organicen, exploten ou desenvolvan actividades de xogo en que se empreguen como medio de participación ou interacción, principal ou accesorio, sistemas de mensaxes de texto a través de servizos telefónicos fixos ou móbiles deberán implantar un sistema de control que permita capturar, rexistrar e, se for o caso, traducir para a linguaxe empregada para o seu rexistro na súa base de datos a totalidade das mensaxes enviadas e recibidas polos participantes.

2. As comunicacións entre os participantes e o operador rexistraranse nunha base de datos nos formatos que estableza a Comisión Nacional do Xogo. A Comisión Nacional do Xogo poderá acceder en todo momento á base de datos en que se rexistren as comunicacións.

3. O operador deberá establecer os mecanismos e sistemas que permitan á Comisión Nacional do Xogo a monitorización e o control dos servidores de envío e recepción de mensaxes de texto empregados polo operador e das bases de datos de

clientes e operacións e a implantación das medidas de limitación e información ao participante.

Artigo 17. *Actividades de xogo a través de servizos de comunicacións por voz.*

1. Os operadores que organicen, exploten ou desenvolvan actividades de xogo en que se empregue como medio de participación ou interacción, principal ou accesorio, o servizo de comunicacións por voz deberán implantar un sistema de control interno que permita capturar e rexistrar as comunicacións que se realicen entre os participantes e o operador.

Para os efectos deste real decreto, entenderase que tanto as persoas que atendan as chamadas dos participantes como os sistemas automáticos de contestación interactiva forman parte dos sistemas técnicos de xogo.

2. O operador deberá establecer os mecanismos e sistemas que permitan á Comisión Nacional do Xogo a monitorización e o control das comunicacións de voz entre os participantes e o operador, así como da gravación delas, e das bases de datos de clientes e operacións.

3. A gravación e o rexistro das comunicacións entre os participantes e o operador realizarase nunha base de datos nos formatos e no modo que estableza a Comisión Nacional do Xogo. As gravacións permitirán determinar sen dúbida a data e hora en que se realizaron.

A Comisión Nacional do Xogo poderá acceder en todo momento á base de datos en que se rexistren as gravacións de voz.

4. O operador deberá conservar as gravacións, ao menos, durante un ano ou até a caducidade dos premios das correspondentes actividades de xogo, se este prazo for maior.

Artigo 18. *Actividades de xogo a través de medios de comunicación audiovisual.*

Os operadores que organicen, exploten ou desenvolvan actividades de xogo a través de medios de comunicación audiovisual, deberán implantar un sistema de control interno que permita capturar e rexistrar as comunicacións que se realicen entre os participantes e o operador.

O operador, en función dos medios empregados para a participación e interacción co participante, deberá adaptar o sistema de control interno aos requisitos establecidos neste real decreto e a aqueles que estableza a Comisión Nacional do Xogo.

Artigo 19. *Actividades de xogo a través de terminais e máquinas auxiliares.*

1. Para os efectos da monitorización e control das actividades de xogo realizadas mediante o emprego de terminais ou máquinas auxiliares, o operador deberá realizar as adaptacións que permitan á Comisión Nacional do Xogo, por si mesma ou a través dos servizos de inspección da comunidade ou cidade autónoma correspondente, acceder aos terminais e máquinas auxiliares e aos sistemas técnicos de xogo a que estiveren conectadas.

2. As máquinas auxiliares e os terminais utilizados para a organización, explotación ou desenvolvemento de actividades de xogo, así como o software empregado por estas, forman parte da plataforma de xogo e están suxeitas á homologación e certificación nos termos establecidos no capítulo III deste real decreto.

CAPÍTULO V

Monitorización dos medios e pasarelas de pagamento

Artigo 20. *Monitorización dos medios e pasarelas de pagamento.*

O operador, sen prexuízo das obrigas de captura e rexistro das operacións e transaccións económicas vinculadas ás actividades de xogo, establecerá os sistemas e

mecanismos que permitan á Comisión Nacional do Xogo acceder aos sistemas, medios e pasarelas de pagamento empregados polo operador para o cobramento da participación e o pagamento dos premios obtidos polos participantes.

A Comisión Nacional do Xogo establecerá os requisitos técnicos e de acceso que sexan necesarios e proporcionados ao control das operacións de cobramento e pagamento.

CAPÍTULO VI

Requisitos de seguranza dos sistemas técnicos de xogo

Artigo 21. *Control de acceso e seguranza.*

1. O operador deberá establecer un protocolo de acceso físico e lóxico aos seus sistemas técnicos de xogo en que se recollan os procedementos para o seu control, a relación das persoas que dispoñan de autorización para o acceso, así como as operacións que poden realizar nos sistemas.

O rexistro de acceso á unidade central de xogos, a súa réplica e ao sistema de control interno deberá ser conservado polo operador durante, ao menos, dous anos.

2. A unidade central de xogos e a súa réplica serán accesibles unicamente ás persoas expresamente designadas polo operador para estes efectos e, no marco dunha inspección, ao persoal da Comisión Nacional do Xogo.

3. O operador deberá establecer as medidas de seguranza físicas e lóxicas que aseguren o control do acceso aos sistemas técnicos de xogo que impidan o acceso e permitan a detección de calquera persoa non autorizada.

4. O operador garantirá o acceso da Comisión Nacional do Xogo aos sistemas técnicos de xogo nos termos establecidos nos artigos 13 e 14 deste real decreto.

5. A Comisión Nacional do Xogo establecerá as condicións adicionais de acceso aos sistemas técnicos de xogo dos operadores e os requisitos técnicos que deberán cumprir.

Artigo 22. *Comunicacións cos participantes.*

O operador deberá establecer os sistemas e mecanismos que garantan a integridade e confidencialidade das comunicacións dos participantes cos seus sistemas técnicos de xogo e, en particular, coa unidade central de xogos e a súa réplica.

O sistema deberá garantir a identidade do transmisor e do receptor, a confidencialidade da información transmitida mediante o emprego de algoritmos de cifraxo e autenticación eficaces e a integridade da información transmitida a través das canles de comunicación empregadas para a participación e interacción cos sistemas de xogo.

A Comisión Nacional do Xogo poderá establecer o detalle e as condicións adicionais que entenda necesarias para garantir a seguranza e a integridade das comunicacións entre os participantes e os sistemas técnicos de xogo dos operadores.

Artigo 23. *Comunicacións entre os compoñentes dos sistemas técnicos de xogo.*

Os sistemas empregados para a comunicación de datos entre os distintos compoñentes dos sistemas técnicos de xogo garantirán a súa integridade e confidencialidade. En particular, o operador deberá garantir a integridade das comunicacións entre a unidade central de xogos e o sistema de control interno.

Naqueles supostos en que a comunicación entre os distintos compoñentes dos sistemas técnicos de xogo se realice a través de redes de comunicación públicas ou de terceiros, o operador deberá empregar protocolos de comunicación segura que garantan a súa integridade e confidencialidade.

A Comisión Nacional do Xogo poderá establecer o detalle e as condicións adicionais que entenda necesarios para garantir a seguranza e a integridade das comunicacións entre os diferentes compoñentes dos sistemas técnicos de xogo.

Artigo 24. *Rexistro e rastrexabilidade das operacións de xogo.*

1. A unidade central de xogos debe garantir a rastrexabilidade e o rexistro da totalidade das operacións de xogo e das transaccións económicas que se realicen, permitindo a reconstrución fiel das operacións de xogo e das transaccións rexistradas.

2. O sistema de control interno realizará a captura, rexistro e conservación das operacións e transaccións nos termos que se establezan mediante resolución da Comisión Nacional do Xogo.

Todos os elementos do sistema de control interno deberán estar protexidos física e lóxicamente e impedir calquera acceso non autorizado.

3. Sen prexuízo das resolucións que en relación coa captura e rexistro de datos adicionais puider ditar a Comisión Nacional do Xogo, os operadores deberán capturar e rexistrar na base de datos segura, ao menos, as seguintes operacións:

a) Operacións de xogo, entre as cales se inclúen, como mínimo, as participacións ou xogadas confirmadas, as xogadas anuladas ou canceladas polo operador, as xogadas denegadas e as operacións de pagamento ou aboamento realizadas polo operador.

b) Operacións sobre eventos de xogo, entre as cales se inclúen, como mínimo, a alta do evento ou eventos que determinen os resultados do xogo, a modificación dos parámetros do evento ou eventos, os eventos cancelados ou anulados polo operador nos seus sistemas de xogo e resultado do evento ou eventos.

c) Operacións de pagamento da participación nos xogos e de aboamento dos premios obtidos.

d) Operacións sobre os rexistros de usuario e de xogo, entre as cales se inclúen, como mínimo, a apertura de conta e os datos fornecidos polo participante, a aceptación dos termos e condicións, a modificación dos parámetros das contas, os movementos económicos, ingresos e pagamentos, da conta de xogo e o feche de contas.

A Comisión Nacional do Xogo establecerá o detalle da captura e rexistro das operacións e os campos mínimos que deban ser incorporados á base de datos segura en relación con cada unha delas.

4. O sistema deberá permitir a captura e rexistro en tempo real dos datos relativos ás operacións de xogo e das transaccións económicas vinculadas a aquelas. A Comisión Nacional do Xogo, atendendo a criterios de proporcionalidade, establecerá a periodicidade que deba ser observada polo operador para o rexistro dos datos na base de datos segura e o modo en que se debe realizar a súa asociación temporal a fontes de tempo fiables.

5. Os operadores tamén incluírán na base de datos segura:

a) Os datos agregados e de control establecidos pola Comisión Nacional do Xogo.

b) Un rexistro de incidencias que inclúa, ao menos, as interrupcións do servizo ou inhabilitación de xogos

c) Calquera outro dato requirido pola Comisión Nacional do Xogo de forma xeral ou individual nun procedemento de control.

A Comisión Nacional do Xogo establecerá o alcance dos datos que deban ser rexistrados, o seu período de actualización e os requirimentos técnicos de dispoñibilidade e de acceso.

6. A base de datos segura e os rexistros do operador deberánse conservar por un período mínimo de seis anos, e débense establecer os sistemas de protección e salvagarda que aseguren a súa integridade e seguranza durante ese prazo, así como a súa recuperación íntegra ante eventualidades.

Artigo 25. *Continuidade da actividade de xogo.*

1. O operador deberá dispor dun plan de continxencia tecnolóxica para o mantemento da operativa de xogo.

2. O plan de continxencia tecnolóxica incluírá as medidas técnicas, humanas e organizativas necesarias para garantir a continuidade do servizo. O operador deberá informar adecuadamente sobre as súas políticas en relación coas interrupcións do servizo e a forma en que os clientes se poden ver afectados. O operador adoptará as medidas necesarias para garantir que os seus clientes reciban un trato xusto en caso de interrupción do xogo ou a aposta.

3. O plan de continxencia tecnolóxica deberá garantir que en ningún caso se perdan datos ou transaccións que afecten ou poidan chegar a afectar o desenvolvemento dos xogos, os dereitos dos participantes ou o interese público.

4. No marco do plan de continxencia tecnolóxica, o operador deberá dispor dunha réplica da unidade central de xogos que permitirá o normal desenvolvemento da actividade dos xogos.

5. Así mesmo, o plan ocuparase dos supostos de indispoñibilidade do sistema de control interno, garantindo a continuidade das funcións de captura e rexistro dos datos, das operacións de xogo e das transaccións económicas vinculadas a aquelas. Naqueles supostos en que o sistema de control interno quede fóra de servizo e non dispoñible, o operador deberá suspender a oferta de xogo até que o sistema de control interno volva estar activo.

6. A Comisión Nacional do Xogo avaliará os plans de continxencia tecnolóxica dos operadores e, se for o caso, requirirá ao operador que adopte as medidas adicionais que considere precisas para asegurar a continuidade das actividades de xogo.

CAPÍTULO VII

Control de participantes

Artigo 26. *Identificación dos participantes.*

1. Os operadores establecerán os sistemas e mecanismos que faciliten a identificación dos participantes nos xogos. Excepcionalmente, atendendo ás especiais condicións dos medios empregados para a comercialización e desenvolvemento dos xogos, sobre a base de criterios de proporcionalidade e por solicitude motivada do operador, a Comisión Nacional do Xogo poderá autorizar a participación sen a identificación previa dos participantes.

En todo caso, a identificación do participante e a comprobación de que non está incurso en ningunha das prohibicións subxectivas a que se refiren as alíneas a), b) e c) do número segundo do artigo 6 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, será condición imprescindible para o cobramento dos premios obtidos calquera que for o seu importe e natureza.

2. A identificación do participante realizarase a través dun rexistro de usuario activo único en que figurarán, polo menos, os datos de identificación necesarios para comprobar que non está incurso en ningunha das prohibicións subxectivas a que se refiren as alíneas a), b) e c) do punto segundo do artigo 6 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.

O rexistro de usuario recollerá, así mesmo, os datos de identificación fiscal e de residencia do participante e aqueloutros que permitan a realización das transaccións económicas e o operador de xogo que sexan determinados pola Comisión Nacional do Xogo.

O operador establecerá os procedementos e mecanismos necesarios para garantir que un mesmo xogador non dispón de varios rexistros de usuario activos.

3. A apertura dun rexistro de usuario requirirá que o participante forneza os datos a que se refire o parágrafo anterior e que o operador comprobe a súa veracidade.

Finalizado o procedemento de verificación dos datos nos termos fixados pola Comisión Nacional do Xogo, o operador poderá activar o rexistro de usuario.

A Comisión Nacional do Xogo establecerá os procedementos necesarios para facilitar a autenticación e comprobación dos datos de identidade dos residentes en España en tempo real e, nos supostos en que non sexa posible, nun prazo inferior a tres días.

A verificación dos datos fornecidos polo participante non residente en España deberá ser realizada polo operador no prazo máximo dun mes desde a activación do rexistro de usuario e será condición imprescindible para o cobramento dos premios obtidos polo participante calquera que for o seu importe e natureza.

En ambos os casos, transcorrido o prazo dun mes desde a solicitude do rexistro sen que os datos fosen verificados, este quedará anulado.

O operador é responsable da veracidade e do contraste periódico dos datos que figuren nos seus rexistros de usuario, nos termos establecidos pola Comisión Nacional do Xogo.

4. O operador poderá suspender os rexistros de usuario que permanezan inactivos durante máis de dous anos ininterrompidamente. Os rexistros de usuario suspendidos poderán ser activados por solicitude do participante. Transcorridos catro anos desde a suspensión, o operador cancelará o rexistro de usuario inactivo.

5. A Comisión Nacional do Xogo establecerá os requisitos e condicións adicionais que deban reunir os rexistros de usuario e as contas de xogo e as medidas de protección que deban ser cumpridas polos operadores.

Artigo 27. Control das prohibicións subxectivas de participación nos xogos e branqueo de capitais.

1. Corresponderá aos operadores o control das prohibicións subxectivas de participación nos xogos a que se refiren as alíneas a), b) e c) do punto segundo do artigo 6 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.

2. A Comisión Nacional do Xogo disporá os medios necesarios e establecerá os procedementos adecuados para permitir aos operadores o acceso telemático ao Rexistro Xeral de Interdicións de Acceso ao Xogo.

En todo caso, no proceso de apertura de rexistro de usuario, antes da súa activación, e no proceso de aboamento dos premios, o operador deberá contrastar os datos contidos no rexistro de usuario cos que figuren inscritos no Rexistro Xeral de Interdicións de Acceso ao Xogo, co obxecto de verificar que o participante non figura inscrito no citado rexistro.

A Comisión Nacional do Xogo establecerá os procedementos que deban aplicar os operadores para a verificación periódica dos datos dos seus rexistros de usuario cos inscritos no Rexistro Xeral de Interdicións de Acceso ao Xogo.

3. Sen prexuízo dos procedementos que puideren establecer os operadores para estes efectos, a Comisión Nacional do Xogo disporá os medios necesarios para facilitar a verificación da maioría de idade dos participantes co número do documento nacional de identidade ou de identificación de estranxeiros. Con este fin, as administracións públicas competentes facilitarán á Comisión Nacional do Xogo canta colaboración resulte precisa.

A Comisión Nacional do Xogo establecerá os procedementos de consulta que sexan precisos.

4. A Comisión Nacional do Xogo colaborará no cumprimento da normativa de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, sen prexuízo das potestades de supervisión e inspección atribuídas polo artigo 47 da Lei 10/2010, do 28 de abril, ao Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias. Nos supostos en que a Comisión Nacional do Xogo aprecie posibles infraccións da normativa de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, informará a Secretaría da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias nos termos do artigo 48.1 da Lei 10/2010, do 28 de abril.

Disposición adicional única. *Réxime específico da Organización Nacional de Cegos Españois (ONCE).*

De conformidade co previsto no número tres da disposición adicional segunda da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, co fin de preservar o estrito control público da actividade de xogo da ONCE, as competencias que este real decreto atribúe á Comisión Nacional do Xogo e ao titular do Ministerio de Economía e Facenda serán exercidas polo Consello de Protectorado da ONCE en relación coas actividades suxeitas a reserva que esta organización desenvolve, exceptuando as competencias que corresponden ao Consello de Ministros.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación da Comisión Nacional do Xogo.*

De conformidade co disposto no artigo 23 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, habilitase a Comisión Nacional do Xogo para ditar aquelas disposicións que sexan precisas para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

En relación coas autorizacións de xogo ocasional previstas no artigo 12 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, a Comisión poderá establecer as adaptacións e excepcións daqueles requisitos técnicos ou homologacións que obxectivamente carezan de xustificación conforme a natureza do xogo non ocasional.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de novembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno de Asuntos Económicos
e ministra de Economía e Facenda,
ELENA SALGADO MÉNDEZ